

PLAN DIXITAL

CPI LUÍS DÍAZ MORENO

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPI Luís Díaz Moreno.

Enderezo: Estrada de Aranza, N.º 12. CP: 27680. Baralla, Lugo.

Teléfono: 982 87 00 71.

Correo electrónico: cpi.diaz.moreno@edu.xunta.es

Neste centro impártense Educación Infantil, Primaria e Secundaria. No curso actual conta cun claustro de 28 profesores/as e con 140 alumnos/as distribuídos/as nas seguintes etapas educativas:

Educación Infantil: 31 alumnos/as.

Educación Primaria: 91 alumnos/as.

Educación Secundaria: 49 alumnos/as.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPI Luís Díaz Moreno está situado en Baralla (municipio da provincia de Lugo), que pertenece á comarca dos Ancares. Limita ó norte cos municipios de Baleira e Castroverde, ó sur co de Láncara, ó leste cos de Baleira e Becerreá e ó oeste cos de Láncara e O Corgo. O noso alumnado procede, esencialmente, das parroquias do Concello de Baralla, Castroverde (Páramo) e Láncara (Vilaesteva) e, como sucede noutras zonas rurais, a maioría é usuario do transporte e do comedor escolar. O transporte inflúe, así o cremos, notablemente, no rendemento dos alumnos/as, xa que o horario marcado pola administración para compaxina-los transportes en dous ou tres centros distintos, responde a criterios económicos e non educativos.

Así, este é o horario actual:

- Horario de verán (setembro e xuño):

- EI e EP: de 10.10 a 15.10.

- ESO: de 10.10 a 15.10.

- Horario de outubro a maio:

- EI e EP: de 10.10 a 14.10 e de 16.15 a 17.15.

- ESO: de 10.10 a 14.35, e de 15.35 a 17.15 (os venres acaban ás 13:45).

As estradas están en proceso de mellora, sendo o principal inconveniente comunicativo a climatoloxía e a orografía montañosa, que se acusa especialmente durante o inverno. Así, cando neva copiosamente, o desprazamento faise difícil e moi puntualmente pode ocasionar a necesidade de suspender as clases nesas datas.

b) Perfil das familias.

En canto á situación económico-social xeral das familias do alumnado, pódese considerar de tipo medio-baixo, dedicándose, unha boa parte, ó sector primario. O

grafo de atención ás necesidades primarias dos alumnos/as (vestimenta, alimentación, hixiene, material escolar...) é, na maioría dos casos, o aceptable.

Igualmente, o nivel de estudos é tamén medio - baixo, pero resulta conveniente diferenciar entre aquelas familias cuxos compoñentes teñen maior idade, que adoitan ter un nivel de estudos inferior, e as familias más novas, cun maior nivel de escolarización (todos coa ensinanza básica cursada e, con certa frecuencia, con estudos medios).

As maiores expectativas educativas que teñen as familias para os seus fillos e as súas fillas aprécianse na moita maior frecuencia con que nas últimas décadas os/as alumnos/as continúan os seus estudos tras terminar a ensinanza obligatoria. Ademais, advírtese un interese manifesto dos pais/nais na participación nos asuntos relacionados coa educación dos seus fillos e das súas fillas, asistindo en número importante ás reunións e actividades ás que son convocados.

c) Necesidades do alumnado.

As necesidades primarias do alumnado, na maioría dos casos, están totalmente cubertas polas familias. Nos casos excepcionais onde isto non se cumple interveñen os servizos sociais.

As necesidades educativas que presenta o noso alumnado están cubertas polo persoal docente de atención á diversidade co que contamos no centro (Departamento de Orientación, figuras de PT e AL). Tamén contamos con programas destinados a tal fin.

Dende que comenzou a situación COVID-19, estanse a valorar ás necesidades do noso alumnado co respecto ao ámbito das TIC, tanto en coñecementos e manexo das diferentes ferramentas dixitais, como a disposición de equipamento nos domicilios, garantindo dende o centro que todo o alumnado conte con igualdade de oportunidades en caso de educación semipresencial ou a distancia.

d) Relación coas institucións do entorno.

ASOCIACIÓNS DE PAIS/NAIS DO ALUMNADO E RELACIÓN COAS FAMILIAS

O Centro garantirá os espazos pertinentes para a realización de actividades e para a celebración de reunións. Colaborará tamén na organización de actividades extraescolares que a ANPA leve a cabo.

Ademais disto celebrase, cando menos, unha reunión entre o tutor/a e os pais/nais do alumnado ó principio de cada curso; as familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso dos seus fillos/as e serán recibidas, nas horas correspondentes, polo profesorado, para atender cuestións relativas ó rendemento e comportamento dos alumnos/as.

ASOCIACIÓNS CULTURAIS

O Centro permitirá utilizar as instalacións do ximnasio en horario extraescolar a colectivos da vila que o soliciten por careceren de instalacións alternativas. A tal efecto, nas NOF estableceranse as normas de utilización que deben respectarse para garantir a conservación e limpeza das instalacións.

Solicitarase tamén, cando así se decida, a participación dalgunha asociación cultural en celebracións como o Nadal, Letras Galegas...

CONCELLO

- Coordinación nos días de fortes nevadas ou xeadas para establecer o perigo da circulación do transporte escolar polas estradas. Se se estima conveniente, suspéndese o servizo á espera dunha mellora no estado das mesmas.
- Emisión de bandos a petición do Centro informando sobre asuntos de interese xeral relacionados co mesmo, como poden ser as datas e requisitos de matriculación do alumnado, actividades culturais do Centro, etc.
- Solicitude de axuda ao Concello de Baralla para temas puntuais que non permitan ao Centro a súa resolución por carecer do persoal adecuado (cortar a herba do recinto, plantar árbores...).
- Respecto aos servizos sociais pretendemos ter unha coordinación estable e efectiva. Coa asistencia social da zona trátanse os casos de alumnos/as que necesitan a actuación deste servizo pola súa problemática especial no seu entorno familiar.

OUTRAS

Coa Cruz Vermella, Garda Civil, Xefatura de Tráfico e diversas O.N.G. realizaranse actividades para o tratamiento dos temas transversais.

Mantense unha relación estable co IES e o Centro de Capacitación de Alta Montaña de Becerreá e co persoal encargado do Programa “Espazo para as familias” na nosa zona. Recibimos nunha xornada de convivencia ao alumnado de Espazo para as Familias que se incorporará no seguinte curso ao noso Centro.

Tendo en conta o contexto anterior, o Plan Dixital será o recurso clave para a planificación da estratexia dixital do centro e dará soporte ás liñas de acción principais recollidas no PEC para facilitar a súa materialización sempre que se requira fazer uso das TIC. Un papel semellante terá o Plan Dixital respecto a todos os programas nos que participe o centro. Deste xeito, o Plan Dixital e o PEC deben estar en total consonancia e ser complementarios.

Todos os cursos, ciclos, departamentos e equipos determinarán os obxectivos e contidos que se han de traballar durante o curso. Cando sexa preciso o uso das TIC no cometido anterior, o Plan Dixital servirá de guía para levalo á práctica.

1.3. Breve xustificación do Plan Dixital

Este Plan Dixital eláborase conforme ao disposto pola lexislación vixente que fai referencia a este documento:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital de Centro está composto por Carmen Prendes Veiga, secretaria do centro, e por Marcos Corbacho González, coordinador TIC. A elaboración do Plan Dixital estivo coordinada por este equipo e nutriuse das achegas do profesorado de Infantil, Primaria e Secundaria.

Durante o proceso de elaboración do Plan Dixital, o citado equipo seguiu as directrices dos mentores ADIX e contou co asesoramento e colaboración destes formadores.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

CONECTIVIDADE DO CENTRO

O centro dispón da seguinte conexión:

- Liña principal: FIBRA FTTH 1 GB – 1 GB.
 - A liña principal é unha conexión mediante fibra óptica e ofrece velocidades teóricas de descarga e subida de 1 GB.
- Liña de respaldo: RADIO-RED-ES PMW_500M_500M.
 - A liña de respaldo é un radio enlace (antena aérea) e ofrece velocidades teóricas de descarga e subida de 500 MB.

INFRAESTRUTURAS DE VOZ E DE DATOS

(conexións cableadas e sen fíos e electrónica de rede)

A telefonía coa que conta o centro son extensións de telefonía IP da Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia (RCDXG).

A conectividade sen fíos do centro son dúas conexións, wifi Abalar e wifi edu.xunta.es, que están soportadas por 5 puntos de acceso, situados nas aulas de 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º ESO e Audición e Linguaxe.

As conexións cableadas do centro establecense mediante rosetas (tomas de parede) para conectar cable de par trenzado de cobre RJ-45.

O soporte da electrónica de rede está formado por un router CISCO e varios switches D-Link, situados no RAC do centro e dotados e instalados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Como centro público de Galicia, a xestión do mantemento do equipamento do centro depende da UAC.

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

- Correo electrónico corporativo.
- Aula Virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpidiazmoreno/aulavirtual/>

- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpidiazmoreno/>
- Aplicación Abalarmóbil.

PROTOCOLOS DO CENTRO RELACIONADOS COAS TIC

Plan de Continxencia, publicado na web do centro. Achégase enlace:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpidiazmoreno/node/718#attachments>

CONVENIOS E ABREVIATURAS DAS TÁBOAS DESTE APARTADO

- **Conecvidade:** salvo indicación en contra, todas as dependencias recollidas nestas táboas contan con conexión cableada mediante cable de par trenzado de cobre RJ-45.
- Coa abreviatura **TEL-IP** designarase a extensión de telefonía IP da Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia (RCDXG).
- O **equipamento adquirido polo centro** sinalarase coa abreviatura **CEN** entre parénteses. De non ser así, entenderase que foi dotado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Os **proxectores** reseñados consideraranse de teito salvo que se especifique outro tipo.
- Por **alfafalantes** entenderanse aqueles que non superen os 20 W de potencia de son. Os que si superen esta potencia denominaranse **alfafalantes de parede**.

EDIFICIO PRINCIPAL (1º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Conserxería	TEL-IP		En uso.
Biblioteca		<ul style="list-style-type: none"> - 3 ordenadores HP ProDesk 600 G2 MT con cadanxeus monitores, teclados e ratos HP. - 2 ordenadores EVEN CoolBox. (CEN) con cadanxeus monitores, teclados e ratos de varias marcas. - 1 impresora CANON i-SENSYS LBP6230dw. (CEN) - Escáner HP ScanJet G4050. - Impresora 3D Creality Ender, adscrita ao proxecto Bibliotecas Creativas. 	En uso.
Comedor	Ningún tipo de conectividade.		
Salón de actos		<ul style="list-style-type: none"> - 1 ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato de varias marcas. - Proxeitor EPSON 2LCD EB - 85H. - Mesa de son EAGLE. - Mesa de son PEAVEY PV14. - Mesa de son WM20 para entradas sen fíos. - 2 alfafalantes de parede 	En uso.

EDIFICIO PRINCIPAL (1º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
		KENWOOD LS-58. - Altopalante NGS WILDSKA 3. - Reproductor de Bluray BDP3100.	
		- Reproductor VHS LG. - Televisor SONY de gran formato.	Fóra de uso.
Sala de Radio		<ul style="list-style-type: none"> - 1 ordenador HP ProDesk 600 G2 MT. - Monitor, teclado e rato HP. <p>O seguinte equipamento foi adquirido desde o proxecto Bibliotecas Creativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mesa de son Behringer XENYX X1222 USB. - 2 altofalantes de parede Hyundai Multicav. - 2 altofalantes de parede LTC Audio. - 5 micrófonos SHURE SM48. - 5 auriculares SENNHEISER HD 206. - Reproductor de CD/DVD/USB LONPOO LP-077. - Amplificador de son YAMAHA A-201. 	En uso.
Aula de Infantil (3 anos)		<ul style="list-style-type: none"> - Portátil ACER TravelMate 6592. 	En uso, con moitas dificultades.
		<ul style="list-style-type: none"> - PDI PROMETHEAN ActivBoard. - Proxeitor EPSON 3LCD EMP-83H. - Altopalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN) 	En uso.
Aula de Infantil (4 anos)		- Ordenador DELL VOSTRO 220.	En uso, con dificultades.
		<ul style="list-style-type: none"> - Monitor, teclado e rato DELL. - PDI SMART Board. - Torre de son Energy Tower 1. 	En uso.
Aula de Infantil (5 anos)		- Ordenador DELL OPTIPLEX 740.	En uso, con moitas dificultades.
		<ul style="list-style-type: none"> - Monitor panorámico ACER. - Teclado e rato DELL. 	En uso.
Aula de PT de Primaria		<ul style="list-style-type: none"> - 1 ordenador HP ProDesk 600 G2 MT. - Monitor, teclado e rato HP. - Escáner HP Scanjet G4050. - Impresora RICOH Aficio SP C440DN. (CEN) 	En uso.

EDIFICIO PRINCIPAL (1º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual
Aula de Inglés (Primaria)		- Ordenador EVEN CoolBox. (CEN) - Monitor, teclado e rato HP. - PDI PROMETHEAN ActivBoard. - Proxeitor de parede PROMETHEAN PRM-32. - Altopalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN)	En uso.
		- Altopalantes de parede WELLTECH.	Fóra de uso.
1º de Primaria		- 1 ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP. - PDI PROMETHEAN ActivBoard. - Proxeitor de parede PROMETHEAN PRM-32. - Altopalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN)	En uso.
2º de Primaria		- Proxecto Kit de Aulas Dixitais .	En uso, con dificultades.
4º de Primaria		- 1 ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP. - PDI PROMETHEAN ActivBoard. - Proxeitor EPSON 3LCD EMP-83H. - Altopalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN) - Monitor, teclado e rato DELL.	En uso.
		- Ordenador DELL OPTIPLEX 740.	En uso, con moitas dificultades.

EDIFICIO PRINCIPAL (2º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual
Aula de Audición e Linguaxe	- Conectividade wifi Abalar / edu.xunta.es	- Monitor DELL, teclado e rato Logitech. - Altopalantes Genius SP-G06.	En uso.
		- Ordenador DELL VOSTRO 220.	En uso, con dificultades.
Aula de Informática da		- Ordenador DELL OPTIPLEX 740.	En uso, con moitas dificultades.

EDIFICIO PRINCIPAL (2º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
ESO		<ul style="list-style-type: none"> - 13 ordenadores DELL OPTIPLEX 745. - Ordenador DELL VOSTRO 220. - Ordenador EVEN. - Portátil HP 255. (CEN) 	
		<ul style="list-style-type: none"> [Periféricos de cada ordenador de sobremesa da cela de arriba: monitor, teclado e rato (DELL, marca más abundante nestes periféricos)] - 2 pares de altofalantes Logitech Z150. (CEN) - Altofalantes MARS GAMING. (CEN) 	En uso.
		<ul style="list-style-type: none"> - 2 switches D-Link DGS-1210-24. - Pantalla de proxección enrollable. - Proxector SONY VPL - CS5. - Ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP. - Altofalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN) 	En uso.
		<ul style="list-style-type: none"> - 3 ordenadores OKI. - 2 ordenadores sen marca. - 3 portátiles IBM ThinkPad R51 (Pentium M). - Ordenador APD (Pentium 4). - 2 ordenadores EVEN. - Ordenador DELL OPTIPLEX 740. - Portátil APD ASUS (Pentium 4) A2400L. 	Fóra de uso.
Sala de Gardas	TEL-IP	<ul style="list-style-type: none"> - 2 ordenadores HP ProDesk 600 G2 MT con cadanxeus monitores, teclados e ratos HP. - Impresora RICOH Aficio MP C305SPF. (CEN) - Impresora SAMSUNG Xpress M2825ND. (CEN) 	En uso.
Aula de 1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Conectividade wifi Abalar / edu.xunta.es 	Proxecto Abalar (2010).	En uso, con moitas dificultades.
		<ul style="list-style-type: none"> - Altofalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN) 	En uso.
Aula de 2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Conectividade wifi Abalar / edu.xunta.es 	Proxecto Abalar (2011).	<p>En uso, con moitas dificultades.</p> <p>Ademais, o proxector adscrito ao Proxecto Abalar (EPSON</p>

EDIFICIO PRINCIPAL (2º ANDAR)			
Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
		- Portátil HP ProBook 450 G3, que emprega unha persoa con necesidades educativas especiais. - Altofalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN)	3LCD EB-460) está avariado. En uso.
Aula de Agrupamento		- Ordenador DELL VOSTRO 220. - Monitor, teclado e rato DELL. - PDI Promethean ActivBoard. - Proxeitor EPSON 3LCD EMP - 83H. - Altofalantes Genius SP-M200. (CEN)	En uso, con dificultades. En uso.
Aula de 3º ESO		- Ordenador DELL VOSTRO 220.	En uso, con dificultades.
Aula de 4º ESO		- Monitor, teclado e rato DELL. - PDI PROMETHEAN ActivBoard. - Proxeitor de parede PROMETHEAN PRM-32. - Altofalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN)	En uso.
Aula de PT da ESO		- Ordenador EVEN. - Monitor, teclado e rato DELL. - Altofalantes MARS GAMING. (CEN)	En uso, con moitas dificultades. En uso.
RAC		- Servidor DELL PowerEdge T310. - Router CISCO EDL3V - 132 A. - Switches D-Link DGS-1210-24 (modelo maioritario). - SAI APC Back-UPS ES700. - RAC de Orange.	En uso.
Despacho de Orientación	TEL-IP	- Ordenador EVEN. - Monitor, teclado e rato. - Altofalantes. - 1 impresora CANON i-SENSYS LBP6230dw. (CEN)	En uso, con moitas dificultades. En uso.
Aula de Plástica		- Ordenador DELL OPTIPLEX 740. - Monitor, teclado e rato DELL. - Proxeitor EPSON 3LCD EB-X12. - Altofalantes PHILIPS.	En uso, con moitas dificultades. En uso.
Aula de		- Portátil ACER TravelMate	En uso, con moitas

EDIFICIO PRINCIPAL (2º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Tecnoloxía		6593. - 2 portátiles DELL LATITUDE D820. - Ordenador BEEP – Intel Core 2 Duo e o seus periféricos (donación do CFR – Lugo).	dificultades.
		- Ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP. - Proxeitor EPSON 3LCD EMP-83H. - Portátil LENOVO V145-15AST. (CEN) - Impresora 3D Legio.	En uso.
Laboratorio		- Portátil ACER TravelMate 6592.	En uso, con moitas dificultades.
		- Pantalla de proxección enrrollable PHOENIX. - Proxeitor EPSON 3LCD EB-X05. - Altofalantes Genius SP-M200. (CEN)	En uso.
Aula de Informática de Primaria		- Switch 3COM. - 2 portátiles LENOVO V145-15AST. (CEN) - Pantalla de proxección enrrollable. - Proxeitor EPSON 3LCD EMP-1715. - Altofalantes sen marca. - Altofalantes MB BW-611H. - Altofalantes Logitech Z150. (CEN)	En uso.
		- 3 ordenadores DELL VOSTRO 220.	En uso, con dificultades.
		Monitores, teclados e ratos DELL dos ordenadores da cela de arriba.	En uso.
		- Portátil DELL LATITUDE D820. - Ordenador EVEN con monitor, teclado e rato de varias marcas. - Ordenador DELL OPTIPLEX 755 con monitor, teclado e rato DELL.	En uso, con moitas dificultades.
3º de Primaria		- Proxecto Kit de Aulas Dixitais .	En uso, con dificultades.
		- Ordenador NOX con 2 monitores, teclado e rato de varias marcas.	En uso.

EDIFICIO PRINCIPAL (2º ANDAR)

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
		- Proxeitor EPSON 3LCD EMP-83H.	
5º de Primaria	- Conectividade wifi Abalar / edu.xunta.es	- Proxecto Abalar. (2010)	En uso, con moitas dificultades.
		- 1 ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP. - Altofalantes Genius SP-K06.	En uso.
6º de Primaria	- Conectividade wifi Abalar / edu.xunta.es	- Proxecto Abalar. (2011) - Altofalantes WOXTER Big Bass 95 v.20. (CEN)	En uso, con moitas dificultades.

EDIFICIO ADMINISTRATIVO

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Secretaría	TEL-IP	- Ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP. - Ordenador EVEN con monitor, teclado e rato de varias marcas. - Impresora RICOH Aficio MP C2011. (CEN)	En uso.
Despacho de Xefatura	TEL-IP	- Ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP.	En uso.
Aula de Radio			
Sala de docentes		- Ordenador HP ProDesk 600 G2 MT con monitor, teclado e rato HP.	En uso.
Despacho de Dirección	TEL-IP	- Ordenador EVEN con monitor, teclado e rato de varias marcas.	En uso, con dificultades.
Almacén		- Impresora RICOH Aficio MP 3055. (CEN)	En uso.
		- 8 portátiles TravelMate Spin B3 TMB311R-31-CARS adscritos ao proxecto Educar a Distancia.	Non foi necesario facer uso deles.

AULA DE MÚSICA (edificio anexo aos anteriores)			
Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1
Aula de Música		<ul style="list-style-type: none"> - Portátil Fujitsu LIFEBOOK Aseries. (CEN) - PDI PROMETHEAN ActivBoard. - Proxección de parede PROMETHEAN PRM-32. - Cadea musical SONY TC-WE475. - Amplificador YAMAHA RX-V359. - Reproductor de CD SONY CDP-XE370. - 2 altofalantes de parede SONY. - 2 altofalantes de parede AC Acoustic Contact. 	<p>En uso, con moitas dificultades.</p> <p>En uso.</p>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1	2,3			
	Profesorado	2,8	2,9			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,4	1,9			
	Profesorado	2,4	2,7			
	Alumnado	4,1	2,3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2	2,8			
	Profesorado	2,9	2,6			
	Alumnado	4,1	2,1			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,5	2,3			
	Profesorado	2,7	3,4			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	3	3,1			
	Profesorado	3,6	3,4			
	Alumnado		2,9			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,7	2,6			
	Profesorado	3,2	2,9			
	Alumnado	4	2,5			
G- Prácticas de avaliação	Equipo Direct.	1,8	2,2			
	Profesorado	2,6	2,6			
	Alumnado		2,1			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1	2,5			
	Profesorado	2,5	2,7			
	Alumnado	4,5	2,4			

Test de CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>21</u>	<u>52,40%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50,00%</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>5</u>	<u>40,00%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>5</u>	<u>20,00%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>67</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	<u>49,3</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
ESO	<u>74,1</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>6,70%</u>
A2	<u>6</u>	<u>40,00%</u>
B1	<u>7</u>	<u>46,70%</u>
B2	<u>1</u>	<u>6,70%</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>15</u>	<u>100,10%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do Test de CDD, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital de Centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións que se deben desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

CATEGORÍAS		ANÁLISIS SWOT	
		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		<ul style="list-style-type: none"> - A maior parte do equipamento informático do centro non responde de maneira eficiente ás necesidades de uso das TIC na aula: navegar pola rede, proxeclar recursos audiovisuais, facer actividades interactivas,... - Lentitude por parte da administración educativa respecto da atención de solicitude de novo equipamento tecnolóxico. - O servizo técnico da CCEU (UAC) non repara ou substitúe con prontidume o equipamento informático que se avaría. - A maqueta Abalar Libre non permite empregar algúns recursos educativos de terceiros: aplicacións online, recursos de editoriais, plataformas de streaming (Netflix e similares)... - Zonas de sombra na conexión wifi (por exemplo, aulas de 3º e 4º ESO).
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Parte do profesorado está a empregar a aula virtual do centro no ensino. - A pandemia forzou o uso de ferramentas comúns (aula virtual, blog, documentos colaborativos online...) que seguen utilizándose como apoio ao ensino presencial por parte do profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Boa parte do profesorado é reticente a proxectos que fomentan o uso das TIC na aula (Edixgal, por exemplo). - Supresión da praza de Tecnoloxía, que ata agora foi clave para o fomento das TIC (robótica, impresión 3D,...) no centro. - Falta de formación sobre o uso da tecnoloxía para mellorar as prácticas avaliativas. - O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide adicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Boa disposición do persoal de administración para o manexo da web do centro. 	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Ve como algo natural o uso de dispositivos móbiles. - O alumnado con necesidade de apoio educativo forza a busca continua de novos materiais e a comunicación entre o profesorado. - Está acostumado ao uso de ferramentas ofimáticas, que emprega en diversos traballos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Asocia o uso de dispositivos móbiles co ocio e o lecer. - Descoñece as posibilidades da programación e móstrase intimidado ante a súa dificultade. - Mostra cansanzo pola lentitude dos equipos e as constantes avarías.
	FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> - Escasa implementación das TIC no fogar (dispositivos obsoletos, conectividade precaria). - Alto nivel de descoñecemento das novas tecnoloxías por parte de un alto porcentaxe das familias. - Pouca participación cando se intentaron facer sesións informativas sobre as ferramentas de comunicación do centro coas familias.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Toda a información de interese para a comunidade educativa é publicada na páxina web do centro. - A radio escolar, a revista, o blog da biblioteca e os tablóns de actividades axudan a difundir os traballos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> - Os horarios distintos dificultan a comunicación entre as dúas etapas educativas que se imparten no centro.

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Boa parte dos labores de xestión (matriculación, faltas de asistencia do alumnado) faise mediante ferramentas dixitais corporativas (Xade, Abalar móbil,...). 	<ul style="list-style-type: none"> - Abandono por parte da administración educativa dos centros que non participan nos “programas estrela”.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - A preparación do plan dixital obriga a reflexión sobre diversos aspectos das tecnoloxías (autoría e licenzas, protección de datos...). 	<ul style="list-style-type: none"> - A lexislación actual limita a oferta de materias optativas. Eso dificulta poder cursar materias como Tecnoloxía ou Informática, asignaturas clave na adquisición de competencia dixital entre o alumnado. Debería contemplarse na lexislación un trato diferente (discriminación positiva) aos centros do rural, que contan cun alumnado escaso. - A supresión de prazas, que se ensaña especialmente cos centros do rural, obriga a algúns membros do profesorado a impartir materias afíns, o que implica unha sobrecarga de traballo. Esto supón unha redución do tempo dispoñible para tarefas como a dixitalización do ensino. - Exceso de lexislación educativa e curta vixencia das leis educativas.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - A dixitalización está e auxe e, dende a pandemia, moi aceptada e recoñecida socialmente. - Nos últimos anos percíbese maior apoio do concello, por exemplo prestando equipos e transportando materiais durante a pandemia. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escasa implantación de tecnoloxías que faciliten a conectividade á rede no concello.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> - A ANPA promove un curso de informática no centro para o alumnado de Primaria. 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - O CFR oferta numerosos cursos de formación sobre o uso das TICs. - O CFR oferta cada vez máis actividades de formación en rede. 	

3. Plan de Acción

Na elaboración do Plan de Acción tivéronse en conta os recursos materiais e humanos cos que contaba o centro no momento de elaboración do Plan Dixital. A finalidade principal do Plan de Acción será conseguir que o equipamento e as ferramentas dixitais melloren o traballo docente na aula.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir do cuestionario Selfie, do Test de CDD e do propio coñecemento do noso centro elaborouse o Informe DAFO, que recolleu achegas do profesorado. A partir da información recollida no Informe DAFO, o persoal docente implicado elaborou os distintos obxectivos que acabarían conformando o Plan de Acción.

A continuación seguen os obxectivos do Plan de Acción agrupados nas áreas de mellora establecidas na aplicación Selfie.

A - LIDERAZGO

